

GRIAL 243 (X.A.S.2024) DO CAOS A CONCORDIA. O DESAFIO DA CONVIVENCIA



VARIOS

SINOPSI

Conflitos globais e locais. Da inseguridade internacional á cotidianidade ignorada

Grial Parga

A serie de televisión británica *Years and Years* (2019) imaxina unha historia contemporánea atravesada por infinidade de conflitos. O grupo protagonista é unha familia ampla, desde unha bisavoa que non para de asombrarse coas novas tecnoloxías (pero que as usa) ata uns bisnetos que ansían a trashumanización, pese ao rexacemento dos pais. Todo iso cun fondo onde os movementos migratorios, os líderes populistas, as políticas soberanistas e inestabilidades varias (incluída unha premonitoria invasión de Rusia a Ucraína) afectan os cidadáns dunha forma gradual pero continua. *Years and years* está narrada desde o gran conflito británico que provocou o Brexit, unha loita xeracional, territorial e política que deixaba en evidencia a clásica definición marxista de loita de clases. Posiblemente por iso, é profundamente pesimista. O futuro, dinos, vai ser un lugar ingobernable.

Editorial	EDITORIAL GALAXIA
	S.A.
Matèria	GRIAL
Col·lecció	GRIAL
EAN	9789200189890
Estat	Dispoñible
Enquadernació	Tapa blanda
Pàgines	134
Mida	270x185x0 mm.
Price (Tax inc.)	13,50€
Release date	14/11/2024

Os conflitos internacionais —dos que os cidadáns non temos control nin capacidade de decisión— transmiten, na poboación, unha sensación de inseguridade. Pero son os conflitos más próximos, diarios e correntes, sobre os que podemos actuar e, con todo, ocupan un lugar residual na nosa lista de preocupacións. Todos son importantes, na súa xusta medida. Neste número de Grial pretendemos coñecelos mellor. O xornalista e escritor Brais Suárez, que recentemente publicou *Mar Branco. Crónicas de Rusia e Europa Oriental* en Editorial Galaxia, achéganos á disidencia en Rusia. Navalni é a cara máis visible, pero moitos cidadáns anónimos tratan de organizarse e sobrevivir nun réxime que revolveu o taboleiro internacional. Os rusos contrarios á política de Putin teñen que convivir cunha represión interna cada vez máis feroz e co illamento internacional que afoga a súa economía.

Un pouco máis ao sur existe outro conflito moi descoñecido e que, con todo, leva décadas sen resolverse: o que enfrenta armenios e acerbachanos polo territorio de Nagorno-Karabakh. O po...

Related Titles



GRIAL 238
(A.M.X.2023)
1963.
O ANO DO
PRODIXIO
VARIOS



GRIAL 245
(X.F.M.2025)
CULTURA, ARTES
E IDENTIDADES. I
FORO GRIAL
VARIOS



GRIAL 9 (X.A.S.
1965)
VARIOS



GRIAL 11 (X,F,M,
1966)
VARIOS